

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, DOS SERVIZOS DE CONSULTORÍA DA OFICINA TÉCNICA PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS DURANTE O ANO 2010.**


Con data 28 de decembro de 2009, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (en diante, a Fundación), a través do procedemento aberto, dos servizos de consultaría da oficina técnica para o fomento do software libre e de fontes abertas durante o ano 2010.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial de Galicia do 19 de xaneiro de 2009, número 11, así como coa mesma data, no "perfil do contratante" da Fundación, onde tamén estiveron publicados os pregos de condicións e de prescricións técnicas co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da Fundación.

Rematado o prazo de presentación de ofertas indicado no anuncio de licitación (15 días naturais dende a publicación do citado anuncio), recibíronse un total de 3 ofertas.

- BULL ESPAÑA SA, con CIF A78882404, sendo o rexistro de entrada da súa oferta o número 32 do rexistro de entrada, do día 2 de febreiro de 2009, recibindo posteriormente o sobre coa documentación do licitador o 3 de febreiro de 2010, co número de rexistro de entrada 610.
- IGALIA SL (CIF B15804842), CORUNET SL (CIF B15933443) e ORBERE CONSULTING SL (CIF B48733828), presentan oferta en calidade de futura UTE, o 2 de febreiro de 2010, co número de rexistro de entrada 573.
- ATOS ORIGIN SAE, con CIF A28240752, sendo o rexistro de entrada da súa oferta o 2 de febreiro de 2010, co número 572.

Constituída a Mesa de Contratación, segundo o previsto no prego de condicións, procedeuse á cualificación da documentación xeral dos licitadores e requirimento de documentación subsanatoria de defectos emendables (Acta de 5 de febreiro de 2010); á análise da documentación presentada polos licitadores en fase de emendas e convocatoria de apertura de propostas técnicas (Acta de 22 de febreiro de 2010); á apertura en acto público das propostas técnicas (Acta do 5 de marzo de 2010); á recepción por parte da Mesa do informe técnico de valoración de emendas encomendado a un técnico da Fundación (Acta do 31 de maio de 2010); á apertura de propostas económicas dos licitadores (Acta do 2 de xuño de 2010); e á formulación de proposta de adxudicación (Acta do 4 de xuño de 2010) propoñendo a adxudicación do contrato a favor UTE



integrada polas empresas Igalia SL, Corunet SL e Orbere Consulting SL., por considerar a oferta presentada a economicamente máis vantaxosa para cubrir as necesidades de contratación da Fundación.

Á vista da proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, das actas das súas actuacións, do informe de valoración das ofertas técnicas, emitido con data 31 de maio de 2010 por D. Roberto Vieito Raña (técnico da Fundación) e das propostas dos licitadores, e de conformidade coas facultadas que me confiren os Estatutos desta Fundación,

### **RESOLVO:**


**Primeiro.-** Adxudicar provisionalmente o contrato dos dos servizos de consultaría da oficina técnica para o fomento do software libre e de fontes abertas durante o ano 2010, a favor da UTE integrada polas empresas Igalia SL, Corunet SL e Orbere Consulting SL, polo importe total de CENTO CORENTA E CINCO MIL TRESCENTOS TRINTA E UN euros CON SETENTA E SEIS cêntimos (145.331,76 €), sendo CENTO VINTECINCO MIL DOUSCENTOS OITENTA E SEIS euros (125.286 €) a base imponible e sendo VINTEDOUS VINTE MIL CORENTA E CINCO euros com SETENTA E SEIS cêntimos (20.045,76) a cota do imposto sobre o Valor Engadido.

**Segundo.-** Notificar a adxudicación provisional do contrato aos interesados así como publicala no perfil do contratante da Fundación.

**Terceiro.-** Requirir á empresa adxudicataria para que, no termo de quince (15) días hábiles a contar dende a publicación no perfil do contratante da adxudicación provisional, presente os seguintes documentos:

- Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo do imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto, segundo o disposto nos artigos 13.1 a) en relación co 15.1 do RXLCAP, no que non se opoña ao establecido na LCSP.

Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000,00 €) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no apartado c) do artigo 82.1 da citada lei, coa excepción das persoas físicas.



Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1, apartados a), d), g) e h), do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

- Certificación acreditativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellaría de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída a garantía definitiva na forma e polo importe que se fixa na **cláusula F da folla de especificacións**.
- Xustificante de ingreso na conta bancaria da FUNDACIÓN do custe dos anuncios de licitación (**cláusula M da folla de especificacións**).
- O adxudicatario provisional deberá achegar, así mesmo, os documentos que acrediten a efectiva disposición dos medios que se comprometeu adscribir á execución do contrato.

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2010.

**Xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o  
Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia**

Asdo: Covadonga Toca Carús.